

Orde do 18 de marzo de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida de mellora da empregabilidade de colectivos desfavorecidos, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación, o exercicio das cales lle corresponde hoxe en día á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, ao abeiro do disposto no Decreto 301/2004, do 22 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A Xunta de Galicia, a través da consellería con competencias en materia de emprego, vén convocando anualmente axudas á contratación por conta allea ao abeiro dos sucesivos plans de promoción do emprego, en atención a programas propios e a programas cofinanciados polo Fondo Social Europeo, na actualidade incorporados no Programa Operativo Integrado de Galicia para o período 2000-2006.

Nesta liña de actuación, e tendo en conta as recentes modificacións na estratexia europea para o emprego artículase un conxunto de medidas para o fomento da contratación e da estabilidade no emprego co obxecto de incidir na inserción laboral dos colectivos con desvantaxes para acceder e permanecer no mercado de traballo e para impulsar a estabilidade no emprego na comunidade autónoma.

A pesar de que é prioritario o apoio á contratación indefinida, existen modalidades da contratación temporal que poden propiciar a inserción laboral, mellorando a empregabilidade. Nesta perspectiva e sen esquecer o horizonte da necesaria estabilidade, considerouse necesario reorientar os incentivos á contratación por conta allea, regulándose en dúas ordes diferentes os incentivos dirixidos á contratación temporal daqueles grupos ou categorías de traballadores que presentan dificultades ou desvantaxes particulares para acceder e permanecer no mercado de traballo, co obxecto de mellorar a súa situación de emprego e corrixir os desequilibrios do mercado laboral, para evitar situacións de paro de longa duración e de ocupación inestable, afastando a potencialidade de que xurdan novas situacións de risco ou desvantaxe social, e os incentivos á contratación indefinida por conta allea, dirixidos a impulsar a estabilidade laboral nas empresas galegas, o crecemento global do emprego, así como a inserción laboral dos colectivos desfavorecidos.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dos programas de fomento da contratación por conta allea coa finalidade de mellorar a empregabilidade de determinados colectivos de traballadores. Non obstante, para conservar a identidade e especificidade de cada un deles recóllense en anexos independentes as características propias de cada un.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras destes incentivos e a súa convocatoria, para o presente exercicio, axústanse ao disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na súa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e, no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións.

Nos vindeiros exercicios, as axudas recollidas nesta orde financiaranse con cargo aos créditos das aplicacións orzamentarias que, mediante disposición complementaria, se determinen anualmente, logo da aprobación dos proxectos de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio correspondente. Para o exercicio 2005 a dita determinación recóllese na disposición adicional sétima da orde.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Capítulo I Ámbito e réxime das axudas

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2005 dos programas de mellora da empregabilidade, coa finalidade de favorecer a inserción laboral dos traballadores que presentan desvantaxes e dificultades particulares para acceder e permanecer no mercado de traballo:

I. Programa de fomento da contratación temporal dos traballadores pertencentes a colectivos en risco de exclusión social (anexo A).

II. Programas de fomento dos contratos en prácticas de mozos titulados e para a innovación tecnolóxica (anexo B):

-Programa de fomento dos contratos en prácticas.

-Programa de apoio á contratación en prácticas relacionada con proxectos I+ D.

III. Programa de fomento da contratación temporal dos desempregados incorporados ao Programa Laboral (anexo C).

2. As bases específicas de cada un dos programas régulanse nos correspondentes anexos A, B, C, desta orde e forman parte integrante dela.

3. Para efectos das axudas recollidas nesta orde, terán a consideración de desempregados aqueles que estean inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación e que, pola súa vez, carezan de ocupación

segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas e subvencións axustaranse ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, e nesta orde.

5. A xestión destes programas realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios dos incentivos para o fomento da contratación establecidos nesta orde as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos autónomos e as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde para cada un dos programas e tipos de axuda e non incorran nas circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de sociedades civís e comunidades de bens deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiarios, lle corresponden á agrupación.

Capítulo II

Normas comúns: competencia e procedemento

Artigo 3º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro desta orde, por delegación da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, corresponderalles:

1. Aos delegados provinciais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais cando a contratación se realice para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia, agás nos supostos previstos no punto seguinte.

2. Ao director xeral de Promoción do Emprego nos seguintes supostos:

a) Solicitudes presentadas ao abeiro do programa de fomento da contratación temporal dos traballadores pertencentes a colectivos en risco de exclusión social (anexo A) para a contratación de 15 ou máis traballadores.

b) Solicitudes de axuda á contratación en prácticas para a contratación de 15 ou máis traballadores ou cando se trate da incorporación a proxectos empre-

sariais de investigación e innovación acollidos ao Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico, ou a empresas que participen ou participasen no programa IDIPEME (anexo B).

c) Solicitudes de axuda á contratación temporal dos desempregados incorporados ao Programa Labora (anexo C) que recollan a contratación de 15 ou máis traballadores no ámbito territorial de Galicia.

Artigo 4º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de axudas e subvencións recollidas no distintos programas dirixiranse ao órgano competente para resolver e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (www.xunta.es/conselle/as/index.htm).

3. As axudas previstas nos diferentes programas desta orde solicitaranse nos dous meses seguintes á data en que se inicie a relación laboral.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas finalizará o 30 de setembro de 2005 aínda que nesta data non transcorresen dous meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención.

4. Para a presentación das solicitudes de axudas, os beneficiarios poderán contar coa información e asesoramento dos técnicos de emprego da rede coordinada pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (www.tecnicosemplegogalicia.xunta.es).

Artigo 5º.-Instrucción e tramitación.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán o interesado para que nun prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 6º.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización polas respectivas intervencións das propostas emitidas polos correspondentes servizos, as resolucións serán ditadas polo órgano competente por delegación da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e deberán serlles notificadas aos interesados. As resolucións, de concesión ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver será de seis meses que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tra-

mitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación.

Artigo 8º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Capítulo III Incompatibilidades e obrigas

Artigo 9º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. Os incentivos establecidos para cada colectivo ou modalidade de contratación nos distintos programas de fomento da contratación recollidos nesta orde son incompatibles entre si. Para o caso de que unha mesma contratación puidese dar lugar a súa inclusión en máis dun dos supostos para os que está prevista subvención, correspóndelle a opción ao solicitante.

2. As subvencións previstas nesta orde para as contratacións por conta allea serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento

de emprego. As ditas axudas son compatibles, se é o caso, coas bonificacións á Seguridade Social.

3. Os incentivos á contratación en prácticas (anexo B) e á contratación temporal de desempregados incorporados ao Programa Labora (anexo C) complementanse e serán compatibles cos incentivos á súa transformación en indefinidos nos termos que se prevexan nas ordes de convocatoria dos programas de fomento da contratación indefinida convocados no eido de promoción do emprego e da estabilidade laboral pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

4. Os beneficios establecidos á contratación, nos anexos A, B, C desta orde non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.

5. Os incentivos establecidos nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, sen que, en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outros, poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 78.8º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na súa redacción dada pola Lei 14/2004, de 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Artigo 10º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios das axudas e subvencións:

a) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financian a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

b) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Manter os postos de traballo obxecto de subvención durante o período e nos termos establecidos para os distintos programas recollidos nos diferentes anexos desta orde.

d) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, conforme a redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Artigo 11º.-Seguimento e control.

As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos os beneficiarios deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nos diferentes programas desta orde, agás aquela que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común xa se atope en poder da administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais nos delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, e no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos.

Cuarta.-A comprobación da condición de beneficiario do Programa Labora: Xuventude con Experiencia será realizada directamente polo órgano xestor das axudas.

Quinta.-A concesión das axudas e subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

Sexta.-Para os efectos dos programas de fomento dos contratos en prácticas de mozos titulados e para a innovación tecnolóxica consideraranse titulacións da área de humanidades as seguintes: diplomado en biblioteconomía e documentación, licenciado en humanidades, licenciado en historia, licenciado en xeografía e historia, licenciado en belas artes, licenciado en filosofía, licenciado en historia da arte, licenciado en xeografía, licenciado en filoloxía hispánica, filoloxía inglesa, filoloxía galega, filoloxía alemá, filoloxía clásica, filoloxía francesa, filoloxía italiana, filoloxía portuguesa, filoloxía románica e licenciado en tradución e interpretación.

Sétima.-No exercicio 2005, as axudas recollidas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo aos créditos que figuran nas aplicacións orzamentarias 16.02.241A.470.2, código de proxecto 2002 14439 cun crédito de 3.142.692 euros, 16.02.241A.470.3, código de proxecto 2002 14823 cun crédito de 6.300.000 euros, 16.02.241A.470.4, código de proxecto 2005 00361 cun crédito de 10.000.000 de euros, 16.02.241A.470.4, código de proxecto 2005 00362 cun crédito de 5.000.000 de euros, 16.02.241B.470.0, código de proxecto 2002 14106 cun crédito de 5.533.562 euros, 16.02.241A.480.5, código de proxecto 2004 00337 cun crédito de 1.200.000 euros, 16.02.241B.470.2, código de proxecto 2004 00340 cun crédito de 1.289.865 euros, 16.02.241V.470.2, código de proxecto 2002 14439, cun crédito de 2.000.000 de euros.

As ditas contías están recollidas na Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, e constitúen o importe global para o financiamento desta orde, da orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas a empresarios sen asalariados pola contratación do seu primeiro traballador fixo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2005, da orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais e a súa convocatoria para o ano 2005, da orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005, da orde pola que se establecen as bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILE) ou como iniciativas de emprego rural (IER), cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005, da orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005, da orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo e a súa convocatoria para o ano 2005, da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2005 os incentivos á contratación dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar, da orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade e se procede a súa convocatoria para o ano 2005 e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de apoio a emprendedores, autoemprego e economía social, incluídos nos programas orzamentarios 241A, 241B e 241V.

Así mesmo, os créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de

Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Disposicións transitorias

Primeira.-As solicitudes do programa de axudas á contratación temporal de traballadores pertencentes a colectivos en risco de exclusión social e a contratación en prácticas e a contratación temporal dos desempregados incorporados ao Programa Laboral realizadas ao abeiro das ordes de convocatoria correspondentes a exercicios anteriores que quedaran pendentes de resolución no momento de entrada en vigor desta norma, e sempre que reunisen os requisitos legais establecidos nelas, poderán ser atendidas con cargo aos créditos orzamentarios do exercicio 2005 e resolveranse en función da normativa que lles era de aplicación no momento da presentación da solicitude.

Segunda.-As axudas polas contratacións realizadas con anterioridade á data de entrada en vigor desta orde, solicitaranse respectando os prazos e demais requisitos establecidos na Orde do 9 de marzo de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida de mellora de empregabilidade de colectivos desfavorecidos, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2004, e poderán ser atendidas con cargo aos créditos orzamentarios que financian esta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e aclaracións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2005.

Belén Prado Sanjurjo
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e
Relacións Laborais

ANEXO A

Programa de fomento da contratación temporal dos traballadores pertencentes a colectivos en risco de exclusión social

Primeira.-Obxecto.

O obxecto deste programa é facilitar a incorporación ao mercado de traballo de desempregados pertencentes a colectivos desfavorecidos definidos na base cuarta deste anexo.

Segunda.-Réxime de axudas.

As axudas consideradas neste anexo están amparadas, na súa adecuación ao dereito comunitario, pola autorización da Comisión Europea C (2002) 1884 fin, de 22.05.2002. E, cando se trate de empregos ligados a un investimento, polo seu sometemento ao Regulamento (CE) nº 70/2001, da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos

artigos 87 e 88 do Tratado de CE das axudas estatais ás pequenas e medianas empresas (DOCE L10; 13.1.2001).

Terceira.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios dos incentivos previstos neste anexo as empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que contraten traballadores por conta allea pertencentes aos colectivos relacionados na base cuarta para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nas bases deste anexo.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas, agás que a relación deveña de actuacións horizontais de apoio financeiro á promoción económica e fomento empresarial.

Cuarta.-Colectivos

Para os efectos deste programa, entenderase por colectivos en risco de exclusión social os seguintes:

a) Os perceptores da renda de integración social de Galicia, ou persoas que non poidan acceder a ela por falta do período exixido de residencia ou empadramento, ou ben por teren esgotado o período máximo de percepción legalmente establecida.

b) Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.

c) Penados ou exreclusos que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.

d) Mulleres procedentes de casas de acollida, que presenten problemas adicionais de inserción e reinsertión laboral, así como as persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.

e) Mozos que estean ou estivesen, ata a súa maioría de idade, baixo tutela ou garda da Administración autonómica.

f) Traballadores inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade, e persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

Quinta.-Requisitos.

1. Serán subvencionables as contratacións temporais, a tempo completo ou a tempo parcial, celebradas con traballadores desempregados inscritos como demandantes de emprego pertencentes a algún dos colectivos relacionados na base cuarta. A duración inicial do contrato non poderá ser inferior a 6 meses.

2. Os contratos de traballo obxecto de subvención deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, así como observar os requisitos

e prescricións establecidas na normativa de aplicación.

Sexta.-Axudas.

As empresas que realicen contratacións temporais sempre que teñan unha duración mínima de 6 meses e se realicen con desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, pertencentes a colectivos relacionados na base cuarta deste anexo, poderán obter as seguintes axudas, de acordo coa seguinte escala:

Duración do contrato	Axudas	
	Homes	Mulleres
6 meses	2.160 €	2.520 €
7 meses	2.430 €	2.835 €
8 meses	2.700 €	3.150 €
9 meses	2.970 €	3.465 €
10 meses	3.150 €	3.675 €
11 meses	3.330 €	3.885 €
12 meses	3.510 €	4.095 €

Cando as contratacións se realicen con mozos menores de 30 anos os incentivos incrementaranse en 300 euros.

Os incentivos anteriormente sinalados reduciranse proporcionalmente ao tempo efectivo de traballo cando o contrato se celebre a tempo parcial.

Sétima.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios do programa regulado neste anexo:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou dos que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

Solicitudes, documentación e xustificación.

Oitava.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos ao presente anexo e deberán ir acompañadas por duplicado exemplar, un deles orixinal ou copia compulsada, da seguinte documentación:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF, e, se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente do representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Cando se solicite axuda pola contratación de máis dun traballador, relación nominal dos traballadores polos que se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita (anexo III-A).

3. DNI do traballador.

4. Documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como do tempo de permanencia no paro segundo os datos do informe de vida laboral na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social.

5. Documentos acreditativos das características que determinen a súa pertenza aos correspondentes colectivos.

6. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo X).

7. Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo XI).

8. Documentación acreditativa de que se encontran ao día das súas obrigas coa Seguridade Social.

9. Documentación acreditativa de que se encontran ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, agás que o beneficiario achegue á solicitude a debida autorización (segundo o modelo anexo XII) para que a devandita información sexa solicitada polo órgano xestor das axudas.

Novena.-Xustificación do pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, por duplicado exemplar, un deles orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a que deberá figurar a seguinte:

a) Cando se trate de empresas de nova creación, alta no imposto de actividades económicas ou alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

b) Declaración complementaria da establecida na base oitava número 8 deste anexo, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo X).

2. Malia o sinalado no punto anterior, a documentación exixida na fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude segundo a opción do interesado. Neste suposto, poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non figure ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas-e da Seguridade

Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa de procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto coa Administración da Comunidade Autónoma.

Décima.-Obrigas dos beneficiarios

1. As empresas beneficiarias deberán manter no seu cadro de persoal os traballadores contratados ao abeiro deste programa, polo período mínimo da duración do contrato obxecto da subvención.

No suposto de extinción da relación laboral do traballador polo que se concedese a subvención, a cobertura do posto por un novo traballador, que deberá reunir os requisitos do traballador substituído, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa, feito que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a axuda, dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda.

ANEXO B

Programas de fomento dos contratos en prácticas de mozos titulados e para a innovación tecnolóxica

Primeira.-Programas.

Neste anexo establécense as bases específicas dos incentivos á contratación en prácticas, establecidos pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais coa finalidade de favorecer a inserción laboral dos mozos titulados, a través dos seguintes programas:

a) Programa de fomento dos contratos en prácticas.

Este programa ten por obxecto impulsar a realización de contratos en prácticas, regulados no artigo 11 do Estatuto dos traballadores, para favorecer a inserción laboral e a formación teórico-práctica dos mozos que estivesen en posesión do título universitario ou de formación profesional de grao medio ou superior, ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes que habiliten para o exercicio profesional.

b) Programa de apoio á contratación en prácticas relacionada con proxectos I+ D.

Este programa ten por obxecto facilitar a aproximación dos mozos titulados ás empresas e potenciar a presenza de persoal cualificado para o desenvolvemento tecnolóxico e técnico naquelas, dinamizando o intercambio de capacidades tecnolóxicas no mercado laboral.

Segunda.-Réxime de axudas.

Os incentivos establecidos neste anexo quedan sometidos ao réxime de axudas de mínimos. Polo tanto, non poderán exceder os límites cuantitativos (100.000 euros nun período de 3 anos) establecidos no Regulamento CE nº 69/2001 da Comisión da Unión Europea, do 2 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado da CE ás axudas de mínimos (DOCE nº L10, do 13.1.2001).

Terceira.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios dos incentivos previstos neste anexo as empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que contraten traballadores

por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nas bases deste anexo.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas, agás que a relación derive de actuacións horizontais de apoio financeiro á promoción económica e fomento empresarial.

Cuarta.-Requisitos.

1. Os contratos en prácticas deberán cumprir as exixencias e formalidades establecidas no artigo 11 do Estatuto dos traballadores e nas normas regulamentarias de desenvolvemento.

2. Estes contratos deberán realizarse con traballadores desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación, que non tivesen relación laboral coa empresa a través dun contrato da mesma modalidade.

3. Para que os ditos contratos poidan ser obxecto de subvención deberán concertarse a xornada completa e por unha duración inicial non inferior a doce meses, e non poderán supoñer a sucesión de traballadores en prácticas para ocupar o mesmo posto de traballo.

4. Os contratos deberán formalizarse por escrito e comunicárselle á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

Quinta.-Axudas pola contratación en prácticas.

1. Os contratos en prácticas que se realicen con mozos titulados, segundo o establecido no artigo 11 do Estatuto dos traballadores, e que reúnan os requisitos e condicións sinalados na base anterior, incentivaranse nunha contía de ata 2.100 euros, incrementándose ata 2.700 euros cando se realicen con mulleres tituladas.

2. Estas axudas incrementaranse nunha contía de ata 600 euros cando a contratación se realice con titulados universitarios da área de humanidades.

3. Cando o traballador contratado posúa o título universitario de doutor, os incentivos previstos nos puntos anteriores incrementaranse nunha contía de ata 600 euros.

Sexta.-Axudas aos contratos en prácticas relacionados con proxectos I + D.

1. Poderán solicitar as axudas previstas neste programa as empresas, a que se refire a base terceira deste anexo, que contraten en prácticas mozos titulados universitarios ou de formación profesional de segundo grao ou de ciclo superior ou con títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes que habiliten para o exercicio profesional, desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación, sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que participasen en programas de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en uni-

versidades ou centros de investigación públicos ou privados e se lles asignen tarefas acordadas coa súa preparación e titulación.

b) Que se incorporen a un departamento de actividades innovadoras ou, no caso de que este non exista, se lles asignen tarefas que favorezan a innovación tecnolóxica ou técnica da empresa.

c) Que se incorporen a proxectos empresariais de investigación e innovación acollidos ao Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico, ou a empresas que participen ou participasen no programa IDIPEME.

d) Que se incorporen a empresas de menos de 50 traballadores para a realización de tarefas relacionadas coa introdución das novas tecnoloxías da información e as comunicacións.

2. Os contratos en prácticas relacionados con proxectos I+ D que reúnan os requisitos e condicións sinaladas nas bases anteriores incentivaranse nunha contía de ata 3.600 euros, incrementándose ata 4.200 euros cando se realicen con mulleres tituladas.

3. Estas axudas incrementaranse nunha contía de ata 600 euros cando as contratacións en prácticas se realicen con titulados universitarios da área de humanidades.

4. Cando o traballador contratado posúa o título universitario de doutor, os incentivos previstos nos puntos 2 e 3 desta base incrementaranse ata 600 euros adicionais.

Sétima.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios establecidos nos programas deste anexo:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

b) Os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou dos que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como os que se produzan con estes últimos.

c) Traballadores que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo de 3 meses previos á formalización do contrato en prácticas polo que se solicita a subvención, sempre que se formalicen coa mesma empresa.

Oitava.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos ao presente anexo e deberán ir acompañadas por duplicado exemplar, un deles orixinal ou copia compulsada, da seguinte documentación:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF, e se é persoa xurídica DNI e poder

suficiente do representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Relación nominal dos traballadores polos que se solicita subvención, con indicación dos supostos e tipo de incentivo que se solicita (anexo VI-B).

3. Certificado acreditativo da data de terminación dos estudos e DNI de cada traballador contratado. Se é o caso, certificado acreditativo da obtención do título universitario de doutor.

4. Documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como do tempo de permanencia no paro segundo os datos do informe da vida laboral na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e contrato de traballo e a alta na Seguridade Social de cada traballador contratado.

5. Cando se trate de contratos en prácticas vinculados a proxectos I+ D, deberá xuntarse unha memoria na que se recolla unha definición precisa do posto de traballo que inclúa as tarefas que vai desenvolver o traballador, e unha breve descrición das actividades empresariais innovadoras máis relevantes que vai desenvolver o equipo ou departamento da empresa no que se integrará o traballador ou das tecnoloxías da información e as comunicacións introducidas nas empresas de menos de 50 traballadores e, se é o caso, documentación acreditativa da participación do traballador contratado en programas de investigación. No suposto de que se trate da incorporación a proxectos empresariais de investigación e innovación acollidos ao Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico, ou a empresas que participen ou participasen no programa IDIPEME, deberá achegarse informe favorable da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento.

6. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo X).

7. Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo XI).

8. Documentación acreditativa de que se encontran ao día das súas obrigas coa Seguridade Social.

9. Documentación acreditativa de que se encontran ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que o beneficiario achegue á solicitude a debida autorización (segundo o modelo anexo XII) para que a devandita información sexa solicitada polo órgano xestor das axudas.

Novena.-Xustificación do pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación por duplicado exemplar, un deles orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos

termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a que deberá figurar a seguinte:

a) Cando se trate de empresas de nova creación, alta no imposto de actividades económicas ou alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

b) Declaración complementaria da establecida na base oitava número 6 deste anexo, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo X).

2. Malia o sinalado no punto anterior, a documentación exixida na fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude á opción do interesado. Neste suposto, poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non figure ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas-e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa de procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente por calquera concepto coa Administración da Comunidade Autónoma.

Décima.-Obrigas dos beneficiarios.

1. As empresas beneficiarias deberán manter no seu cadro de persoal os traballadores contratados ao abeiro deste programa, polo período mínimo de duración do contrato obxecto de subvención.

No suposto de extinción da relación laboral do traballador polo que se concedese a subvención, a cobertura do posto por un novo traballador, que deberá reunir os mesmos requisitos do traballador substituído, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa, feito que lle deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a axuda, dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda.

ANEXO C

Programa de fomento da contratación temporal dos desempregados incorporados ao Programa Labora

Primeira.-Obxecto.

Ofertar aos mozos beneficiarios do programa Labora: Xuventude con Experiencia posibilidades de mellorar a súa empregabilidade, facilitándolles o acceso ao mercado laboral, co fin de adquirir a necesaria experiencia profesional co horizonte da súa permanencia nel.

Segunda.-Réxime de axudas.

As axudas recollidas neste anexo están amparadas na súa adecuación ao dereito comunitario polo seu sometemento ao Regulamento (CE) nº 2204/2002 da Comisión do 11 de decembro de 2002 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás

axudas estatais para o emprego (DOCE L337/3; 13.12.2002).

Terceira.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios dos incentivos previstos neste anexo as empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que contraten traballadores desempregados e inscritos no Servizo Público de Emprego que teñan a condición de beneficiarios do programa Labora, para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nas bases reguladoras deste anexo.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas, agás que a relación deveña de actuacións horizontais de apoio financeiro á promoción económica e fomento empresarial.

Cuarta.-Colectivos.

Para os efectos deste programa, entenderase por colectivos beneficiarios os desempregados que, no momento da súa alta no correspondente réxime por conta allea na Seguridade Social, estean incorporados e manteñan a condición de beneficiarios do Programa Labora: Xuventude con Experiencia, segundo o establecido no Decreto 184/2002, do 18 de abril, polo que se establece no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia o dito programa (DOG nº 83, do 30 de abril), modificado polo Decreto 26/2003, do 16 de xaneiro (DOG nº 15, do 23 de xaneiro), e polo Decreto 300/2004, do 22 de decembro (DOG nº 251, do 28 de decembro), e se atopen dentro dos colectivos do artigo 2 f) do Regulamento (CE) nº 2204/2002 da Comisión do 11 de decembro de 2002 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para o emprego (DOCE L337/3; 13-12-2002).

Quinta.-Requisitos.

1. Serán subvencionables os contratos temporais, a xornada completa, cunha duración inicial mínima de 12 meses.

2. Os contratos deberán formalizarse por escrito e comunicárselle á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

3. Serán incentivables ao abeiro deste programa todas as modalidades contractuais de carácter temporal e de duración determinada, agás o contrato para a formación.

Sexta.-Axudas.

1. Os ditos contratos incentivaranse cunha contía de ata 2.400 euros, que se pode incrementar ata 3.000 euros cando a contratación se realice con mulleres.

2. Cando se trate de contratos en prácticas, os incentivos previstos no número 1 incrementaranse nunha contía de ata 300 euros.

3. Estas axudas incrementaranse nunha contía de ata 600 euros cando a contratación se realice con titulados universitarios da área de humanidades.

4. Cando o traballador contratado en prácticas posúa o título universitario de doutor, os incentivos

previstos nos números 2 e 3 desta base incrementaranse nunha contía de ata 600 euros.

Sétima.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios establecidos no programa deste anexo:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou dos que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

Oitava.-Solicitudes, documentación e xustificación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos ao presente anexo e deberán ir acompañadas, por duplicado exemplar, un deles orixinal ou copia compulsada, da seguinte documentación:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF e, se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente do representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Cando se solicite axuda pola contratación de máis dun traballador, relación nominal dos traballadores polos que se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita (anexo IX-C).

3. DNI do traballador, título ou certificado acreditativo da data de terminación de estudos e, se é o caso, título universitario de doutor.

4. Documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como do tempo de permanencia no paro segundo os datos do informe de vida laboral na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, copias dos contratos de traballo e altas na Seguridade Social de cada traballador contratado.

No suposto de contratos temporais de obra ou servizo determinado regulados no artigo 15.1º a) do Estatuto dos traballadores, certificación da empresa acreditativa do tempo estimado de duración del.

5. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo X).

6. Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo XI).

7. Documentación acreditativa de que se encontran ao día das súas obrigas coa Seguridade Social.

8. Documentación acreditativa de que se encontran ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, agás que o beneficiario achegue á solicitude a debida autorización (segundo o modelo anexo XII) para que a devandita información sexa solicitada polo órgano xestor das axudas.

Novena.-Xustificación do pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, por exemplar duplicado, un deles orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a que deberá figurar a seguinte:

a) Cando se trate de empresas de nova creación, alta no imposto de actividades económicas ou alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

b) Declaración complementaria da establecida na base oitava número 5 deste anexo, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo X).

2. Malia o sinalado no punto anterior, a documentación exixida na fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude a opción do interesado. Neste suposto, poderán tramitarse conxuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse en ningún caso o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non figure ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa de procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente por calquera concepto coa Administración da Comunidade Autónoma.

Décima.-Obrigas dos beneficiarios

1. As empresas beneficiarias deberán manter no seu cadro de persoal os traballadores contratados ao abeiro deste programa, polo período mínimo de duración do contrato obxecto da subvención.

No suposto de extinción da relación laboral do traballador polo que se concedese a subvención, a cobertura do posto por un novo traballador, que deberá reunir os mesmos requisitos do traballador substituído, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa. Non obstante, o contrato do novo traballador deberá ter unha duración mínima de 12 meses, no caso contrario, a empresa deberá proceder a reintegrar a parte proporcional correspondente da subvención concedida, nos termos sinalados no artigo 8º desta orde.

ANEXO I - A



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social
Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO FOMENTO DA CONTRATACIÓN TEMPORAL DE COLECTIVOS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AS344A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA EMPRESA

NOME OU RAZÓN SOCIAL		DNI / NIF		Nº INSCRICIÓN NA SS	
DOMICILIO SOCIAL			Nº TRABALLADORES DA EMPRESA ¹		
LOCALIDADE / CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO - FAX		
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN)	CNAE	DATA ALTA NO LAE	CONVENIO COLECTIVO ²		

¹ Número de traballadores da empresa no ámbito territorial de Galicia ² Denominación e data de publicación

CENTRO DE TRABAJO (ENDEREZO, LOCALIDADE, CONCELLO, PROVINCIA, CP E TELÉFONO)	Nº TRABALLADORES DO CENTRO DE TRABAJO
--	---------------------------------------

E na súa representación

APELIDOS	NOME	DNI	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	
EN CALIDADE DE			

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO			
LOCALIDADE / CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO-FAX

DECLARA QUE:

- a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) A empresa reúne as condicións para poder ser beneficiaria dos incentivos de acordo co establecido no anexo A da orde de convocatoria.
- c) Non se incorre en ningunha das causas de incompatibilidade sinaladas no artigo 9º, non concorre ningunha das causas de exclusión sinaladas na base 7ª do anexo A, nin nas circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións.
- d) Indicar o que corresponda:
 - Non solicitou nin percibiu ningunha outra axuda dunha Administración ou entidade pública para o mesmo proxecto.
 - Ter recibido ou solicitado as axudas que se indican na relación adxunta (anexo X).
 - Ter dereito á bonificación de cotas á seguridade social que constan no correspondente contrato/s de traballo.
- e) A empresa conta con ¹ _____ centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a seguinte distribución provincial:
 A Coruña ¹ _____; Lugo ¹ _____; Ourense ¹ _____; Pontevedra ¹ _____
- f) Comunicaranlle ao órgano que conceda a subvención calquera modificación das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidas polos beneficiarios e, se é o caso, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- g) Sométese ás actuacións de control, comprobación, e inspección que efectuará a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e SOLICITA:

As subvencións correspondentes á contratación de ¹ _____ traballadores que figuran na relación, no modelo anexo III-A que se xuntan, e para os supostos e tipos de incentivo que se describen nela e acredítanse coa documentación que se xunta relacionada no anexo II-A.

¹ Número

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 18 de marzo de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida de mellora da empregabilidade de colectivos desfavorecidos cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____, de _____ de 2005

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

- Delegado/a provincial de _____
 - Director xeral de Promoción do Emprego.
- Indíquese cun X o órgano ó que se dirixe a solicitude.

ANEXO II - A

**FOMENTO DA CONTRATACIÓN TEMPORAL DE COLECTIVOS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL
AS344A**

EXPEDIENTE

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA
(INDÍQUESE CUN X A QUE SE PRESENTA)**

- SE O SOLICITANTE É PERSOA FÍSICA, DNI E ACREDITACIÓN DO NIF (ANEXO A; BASE 8º).
- SE O SOLICITANTE É PERSOA XURÍDICA, DNI E PODER SUFICIENTE DO REPRESENTANTE PARA ACTUAR EN NOME DA ENTIDADE E NIF DA EMPRESA (ANEXO A; BASE 8º).
- RELACIÓN NOMINAL DOS TRABALLADORES POLOS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN, NO MODELO ANEXO III-A (ANEXO A; BASE 8º).
- DNI DO TRABALLADOR CONTRATADO (ANEXO A; BASE 8º).
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS PERÍODOS DE INSCRIPCIÓN COMO DEMANDANTE DE EMPREGO NA OFICINA PÚBLICA DE EMPREGO (ANEXO A; BASE 8º).
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO TEMPO DE PERMANENCIA NO PARO SEGUNDO OS DATOS DO INFORME DA VIDA LABORAL NA TESSOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL (ANEXO A; BASE 8º).
- CONTRATO DE TRABALLO (ANEXO A; BASE 8º).
- ALTAS NA SEGURIDADE SOCIAL (ANEXO A; BASE 8º).
- DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DAS CARACTERÍSTICAS QUE DETERMINEN A SÚA PERTENZA AO CORRESPONDENTE COLECTIVO (RISGA...) (ANEXO A; BASE 8º).
- SE É O CASO, DECLARACIÓN COMPRENSIVA DO CONXUNTO DE AXUDAS OU SUBVENCIÓNS PARA O MESMO PROXECTO OU ACTIVIDADE SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PERANTE AS ADMINISTRACIÓNS OU ENTIDADES PÚBLICAS NO MODELO ANEXO X, OU, NOUTRO CASO, DECLARACIÓN NO MODELO DE SOLICITUDE DE QUE NON SE SOLICITOU NIN SE PERCIBIU NINGUNHA AXUDA (ANEXO A; BASE 8º).
- FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA E CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA ACREDITATIVA DE QUE O SOLICITANTE É TITULAR DA CONTA, SEGUNDO O MODELO ANEXO XI (ANEXO A; BASE 8º).
- SE É O CASO, AUTORIZACIÓN SEGUNDO MODELO ANEXO XII (ANEXO A; BASE 8º).
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE ESTAR Ó DÍA NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS OU AUTÓNOMICAS E COA SEGURIDADE SOCIAL, E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA OUTRA DÉBEDA, POR NINGÚN CONCEPTO, COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (ANEXO A; BASE 8º).
- ALTA NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, CANDO SE TRATE DE EMPRESAS DE NOVA CREAÇÃO OU, SE É O CASO, ALTA NO CENSO DE OBRIGADOS TRIBUTARIOS DO MINISTERIO DE FACENDA (ANEXO A; BASE 9º).

* A documentación exixida na base 8º, ten que presentarse xunto coa solicitude.

* A documentación exixida na base 9º é necesaria para proceder ao pagamento da subvención; non obstante e para axilizar a tramitación do expediente, poderá ser presentada xunto coa solicitude a opción do interesado.

PRAZOS PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES (ARTIGO 4º E DISPOSICIÓN TRANSITORIA 2ª DA ORDE CONVOCATORIA)

- O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN SERÁ DE DOUS MESES DESDE A DATA EN QUE SE INICIE A RELACIÓN LABORAL.
- AS SOLICITUDES DE AXUDAS POLAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS CON ANTERIORIDADE Á ENTRADA EN VIGOR DA ORDE DE CONVOCATORIA SOLICITARANSE RESPECTANDO OS PRAZOS E DEMAIS REQUISITOS ESTABLECIDOS NA ORDE DO 9 DE MARZO DE 2004 PARA AS CONTRATACIÓNS TEMPORAIS REALIZADAS CON DESEMPREGADOS DE EXCLUSIÓN SOCIAL.